

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González

D^a. Aurora Varela Duro

D^a. M^a Pilar Castro Vallo

D. Miguel Sánchez Varela

D. Xosé Luis Fernández Segade

D. Antonio Orois Valiño

D^a M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D^a. Begoña Balado Conde

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

ACTA

En Arzúa, a 25 de novembro de 2014.

Sendo as 20.15 horas, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2014.-***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º) **MODIFICACIÓN DO ANEXO I DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2014; no seguinte sentido:

“Toma a palabra a Presidenta da Comisión manifestando que este expediente tramítase a instancia dos servizos urbanísticos municipais, e ten por obxecto a modificación do Anexo I da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre instalacións, construcións e obras, engadindo o seguinte parágrafo: "Cando da valoración económica mediante a aplicación dos módulos resulte un importe inferior ao presuposto de execución material incluído na memoria valorada ou proxecto

presentado polo interesado, aplicarase este último aos efectos da determinación da base impositiva do imposto”.

Continúa explicando a Presidenta da Comisión en qué consiste a modificación: Actualmente a ordenanza contempla que, para determinar o presuposto de execución material sobre o que se aplica o tipo impositivo, utilízanse os módulos establecidos no Anexo I. A modificación que se propón ten por finalidade que, cando da aplicación dos módulos, resulte unha valoración inferior ao presuposto de execución material contemplado no proxecto, terase en conta este último a efectos da aplicación do imposto.

Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S de G) para manifestar que quere estudar mellor a modificación proposta para o Pleno, e que en principio vaise abster.

Toma a palabra a Sra. Castro Pampín (do P.P) para indicar que pola súa parte tamén queren estudar mellor o tema para o Pleno, e que por iso de momento vanse abster ata o que se acorde no Pleno.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse tres votos a favor -dos tres concelleiros do BNG, Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade- e catro abstencións -da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde e dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez-; o acordo de informar favorablemente a aprobación da modificación do Anexo I da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre instalacións, construcións e obras nos termos propostos.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que se trata dunha ordenanza que regula o establecemento dun imposto necesario, polo que vai votar a favor.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que non ten nada que engadir, e que o grupo político do Partido Popular tamén votará a favor da modificación proposta.

* Do Sr. alcalde para informar que se trata dunha modificación que propuxeron desde o departamento de urbanismo do concello, porque a redacción da ordenanza –en canto ao punto a que refire a modificación- non estaba moi clara.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 14 de novembro de 2014, en sentido favorable á aprobación da modificación proposta.

Polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria, fixando previamente os termos desa votación;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do Anexo I da ordenanza fiscal reguladora do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, con obxecto de engadir o seguinte parágrafo:”*Cando da valoración económica, mediante a aplicación dos módulos, resulte un importe inferior ao orzamento de execución material incluído na memoria valorada ou proxecto presentado polo interesado, aplicarase este último aos efectos da determinación da base impositiva do imposto*”.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo el acuerdo de aprobación provisional, para o suposto de que non se presenten reclamacións; sen necesidade de adoptar un novo acordo plenario.

Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo, resultante da resolución das reclamacións, se as houbera, ou o acordo provisional elevado automaticamente a definitivo, se non houbera reclamacións, así como o texto íntegro da ordenanza modificada; sen que poida entrar en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.

Punto 3º) MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2014. INTRODUCCIÓN DA BASE NÚMERO 21. BIS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2014; no seguinte sentido:

“Pola Presidenta da Comisión explícase que, dende a entrada en vigor da Lei de impulso da factura electrónica, estableceuse para os concellos a obriga de dispor dun punto xeral de entrada das facturas electrónicas expedidas ao seu nome; ben dispoñendo dun punto de entrada propio, ou ben adheríndose ao punto de entrada de outra administración. Asemade dita Lei tamén contempla a posibilidade de excluír a obriga de facturar electrónicamente, cando o importe da factura non supere o límite de 5.000 euros; e, de acordo con dita posibilidade, resulta conveniente ao noso parecer introducir unha nova base de execución do orzamento, onde quede recollida especificamente dita excepción, en concreto na que sería a partir de agora a base de execución do orzamento 21.bis, co seguinte teor literal:

"Estarán obrigados a facturar electrónicamente, e presentar a factura a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos a Concello de Arzúa e que se correspondan coas entidades ás que fai referencia o apartado primeiro do artigo 4 da Lei 25/2013,

de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

En aplicación da previsión contida no último parágrafo do artigo 4 da lei 25/2013, de 27 de decembro, quedan excluídas da obriga de facturar electrónicamente, aínda que sexan emitidas polas entidades obrigadas ao emprego da factura electrónica, as facturas cun importe de ata 5.000 euros IVE incluído. En todo caso, as facturas emitidas deberán conter todos os datos e información requeridos con carácter xeral”.

Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S de G) para mostrar o seu acordo coa excepción proposta, en relación a esas facturas que non excedan do límite dos 5.000 euros permitido legalmente.

Toma a palabra a Sra. Castro Pampín (do P.P) para manifestar que pola súa parte tamén están de acordo coa modificación das bases de execución, para introducir esa excepción á obriga de presentación de factura electrónica.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a modificación das bases de execución do orzamento para o exercicio 2014, introducción da base número 21.bis”.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (o PSdeG-PSOE) para expresar que se reitera no que dixo na sesión da Comisión especial de Contas, e ve apropiado que as facturas emitidas cun importe inferior a 5.000 euros queden excluídas do procedemento previsto para a facturación electrónica.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular está de acordo coa introducción da Base número 21 bis dentro das Bases de execución do orzamento municipal, para recoller a excepción de presentación da factura electrónica nos supostos indicados.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para manifestar que o grupo político do Bloque Nacionalista Galego está de acordo co ditame emitido pola Comisión especial de Contas.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 13 de novembro de 2014, en sentido favorable á aprobación da modificación proposta.

Polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria, fixando previamente os termos desa votación;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación das Bases de Execución do orzamento municipal do presente exercicio económico, no sentido de incluír unha nova Base, dentro do Capítulo 1º do Título III referido a normas xerais sobre execución e liquidación do orzamento municipal, que sería a Base designada co número 21 bis, nomeada "Exclusión da obriga de presentación de factura electrónica", cuxo texto é o seguinte:

"Estarán obrigados a facturar electrónicamente, e presentar a factura a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos a Concello de Arzúa e que se correspondan coas entidades ás que fai referencia o apartado primeiro do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

En aplicación da previsión contida no último parágrafo do artigo 4 da lei 25/2013, de 27 de decembro, quedan excluídas da obriga de facturar electrónicamente, aínda que sexan emitidas polas entidades obrigadas ao emprego da factura electrónica, as facturas cun importe de ata 5.000 euros, IVE incluído. En todo caso, as facturas emitidas deberán conter todos os datos e información requeridos con carácter xeral".

Segundo.- Expoñer ao público o expediente por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Terceiro.- Para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dito expediente, considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Legislativo.

Cuarto.- Remitir unha copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 169 nº 4 do mesmo Real Decreto Legislativo.

Punto 4º) PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2014; no seguinte sentido:

"Sendo asignado a este concello a cantidade de 365.666,66 euros, de acordo cos criterios sinalados nas Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos 2015, e estando previsto que no POS 2015 o concello destinara necesariamente o 60% da

cantidade asignada a cada concello a obras e subministros de competencia municipal, mentres que o 40% restante poderá ser destinado á realización de máis obras ou subministros ou á financiación de gastos correntes.

Proponse incluír en dito plan as obras comprendidas nos proxectos técnicos nomeados:

1.- “Sinalización núcleo urbano de Arzúa e outras parroquias”, por un orzamento total de 144.565,65 euros, confeccionado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data novembro de 2014.

2.- “Ampliación da rede de abastecemento de auga aos núcleos de Dombodan, A Torre, A Pedreira e Agra de Pares”, por un orzamento total de 111.401,11 euros, confeccionado polo arquitecto técnico don Luis Fole Barrio, con data novembro de 2014.

E destinar aproximadamente o 30% da cantidade asignada á financiación de gastos correntes.

Coñecidos os antecedentes indicados, pola presidenta desta comisión, Sra. Varela Duro (do BNG), indicouse que destas obras xa se falara no seu momento, para chegar a un consenso.

Intervén deseguido a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, antes de poder pronunciarse, ten que estudar toda a documentación referida a este asunto.

Seguidamente intervén o Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que non hai ningún problema para que, por parte do grupo político do Partido Popular, se aproben as obras indicadas; aínda que considera que sería máis correcto que se lles chamara antes para ser informados de que se ían confeccionar eses dou proxectos técnicos.

Tras o exposto, pola presidenta desta comisión informativa someteuse este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por seis votos a favor (3 do BNG e 3 do PP), coa abstención da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE)- o pronunciamento de informar favorablemente a inclusión no POS 2015 das obras comprendidas nos dous proxectos técnicos indicados, así como destinar un 30% da cantidade asignada a este concello a gastos correntes.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:*

- Que as obras propostas considera que son necesarias, pero terían que ser consensuadas polos tres grupos políticos.

- Que se debería ter en conta os diferentes puntos de vista dos grupos políticos, porque a ela non se lle consultou, pero aínda así imos a aprobalas porque se trata de obras necesarias, que atenden ás necesidades de moitas parroquias.

** Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:*

- Que xa manifestamos tamén na sesión da Comisión especial de Contas o que acaba de dicir a Sra. Balado Conde.

- Que cando haxa maior dotación orzamentaria pódese chegar a outro tipo de acordos, pero agora a decisión final sería a mesma; polo tanto van aprobar estas obras.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que cre que é o primeiro plan de obras e servizos que se aproba sen consultar previamente aos grupos da oposición.

- Que todos saben que cada ano hai o POS e que se pode traer en calquera momento algún proxecto para estudar a súa inclusión nesos plans.

- Que a dinámica de todos os plans é a de incorporar obras sempre que o pidan os veciños ou as asociacións de veciños.

- Que o equipo de goberno estivo visitando todas as parroquias e facendo reunións cos veciños; así, en Dombodán había bastantes problemas coa auga, nalgún núcleo de poboación, nos que teñen pozos de barrena e a auga chega con bastante óxido, polo que non serve para o consumo nin para lavar; polo cal esa obra era bastante urxente.

- Que, en canto á sinalización, non temos máis que andar polas parroquias para ver que é absolutamente necesario repoñer as sinalizacións, porque ou están moi deterioradas ou falta sinalización; e como non se poden poñer en todas as parroquias, xa que é un proxecto caro, elixíronse nove parroquias; así, empezouse por San Martiño porque -visitando as parroquias co técnico- considerouse que era a zona onde peor estaban, e despois fomos engadindo os lugares que estaban arredor e –para completar o orzamento que había- fomos ás máis pequenas, porque non chegaba para as máis grandes.

Tras todo o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria os puntos que contén o modelo de acordo remitido pola Deputación Provincial en relación co POS 2015;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.-Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SINALIZACIÓN NÚCLEO URBANO DE ARZUA E OUTRAS PARROQUIAS	144.565,65	0	144.565,65

AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA AOS NÚCLEOS DE DOMBODÁN, A TORRE, A PEDREIRA E AGRA DE PARES (POS 2015)	111.401,11	0	111.401,11
SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓNS	255.966,76	0	255.966,76

Aprobar os proxectos técnicos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	109.699,90
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	109.699,90

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	255.966,76	0	255.966,76
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	109.699,90	0	109.699,90
T O T A L	365.666,66	0	365.666,66

Segundo.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro.- Solicitar da Deputación Provincial de A Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

Cuarto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

Quinto.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Sexto.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 20.30 horas do indicado día, estendéndose a

presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.